

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 8720/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 241, de 20 de outubro de 2021, publica a convocatoria do proceso selectivo para constituír as listas de emprego temporal de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan na piscina municipal na categoría profesional de "MONITOR/A DEPORTIVO/A-SOCORRISTA", sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de novembro de 2021 na que se nomea o Tribunal do proceso selectivo de lista de emprego de monitor/a deportivo/a – socorrista.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 05 de novembro de 2021 na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 08 de novembro de 2021 na que se aproba nova lista de provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)**Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a) e b) das bases).**- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique..."

Vista a resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2021 na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

Vista a base xeral 9, que sinala "(...)Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto..."

Vista a base xeral 10, que sinala "(...)**FASE DE CONCURSO. VALORACIÓN DE MÉRITOS**
O sistema de selección será o concurso de méritos.

A fase de concurso será posterior a proba de galego e non terá carácter eliminatorio.

Nesta fase valoraranse os méritos aportados polos aspirantes que superaron a proba de galego..."

Vista a base xeral nos seus puntos 11 e 12 relativos á calificación final e á proposta para a confección da lista de emprego.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Xoves día 18 de novembro de 2021, ás 11:45 horas**, aos

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

efectos de realizar a proba de galego aos aspirantes non exentos e posteriormente para a realización da fase de concurso, valoración de méritos dos aspirantes admitidos e dos aspirantes aptos no exame de galego, así como a cualificación final e proposta para a confección da lista de emprego.

SEGUNDO.- Citar aos aspirantes non exentos da proba de galego, según a lista definitiva de admitidos e excluídos publicada, o **Xoves día 18 de novembro de 2021, ás 11:45 horas** na sala de xuntas deste Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do
artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

